




Deputación
Pontevedra

Nº 2



FORO DE INICIATIVAS LOCAIS

Innovación para o desenvolvemento
empresarial e do emprego



NIGRÁN

- ABRIL DE 2013 -

www.depo.es



Equipo G4plus de Análisis,
Diagnóstico y Diseño Estratégico
Universidade de Vigo

Este informe foi elaborado polo Grupo de Investigación G4plus da Universidade de Vigo integrado por: Pedro Figueroa Dorrego (Director), Ana Otero Lima e Daniel Gallego Ortigueira, en colaboración coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán.

Índice

1.	PRÓLOGO	4
2.	INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO	5
3.	INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE NIGRÁN.....	8
A.	Principais recursos infraestruturais do Concello de Nigrán.	8
•	Infraestruturas de Comunicación:.....	9
•	Infraestruturas Empresariais:.....	9
•	Infraestruturas Sanitarias e Educativas.....	10
•	Outras infraestruturas do Concello de Nigrán.	11
B.	Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.....	12
•	Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de Nigrán	12
•	Caracterización Social do Concello de Nigrán	12
C.	Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de Nigrán	17
•	Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de Nigrán	17
•	Asociacionismo e cooperación empresarial en Nigrán:	25
D.	Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación	26
•	Centros de I+D+i no entorno de Nigrán	26
•	Alguns proxectos de I+d+i empresariais en Nigrán	27
4.	PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDEMENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE NIGRÁN	28
A.	Principais datos sobre o emprendemento en Galicia	28
B.	Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Nigrán	30
5.	SÍNTESE DAS ENTREVISTAS REALIZADAS NO CONCELLO DE NIGRÁN	34
A.	Síntese das entrevistas realizadas.....	34
B.	Cadro resumo	38

ANEXOS:

- I. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de Nigrán
- II. Temática orientativa das entrevistas realizadas.

1. PRÓLOGO

A Deputación de Pontevedra, consciente da situación de crise no actual escenario económico, que está tendo como consecuencia principal o continuo incremento do nivel de desemprego a nivel nacional, e tamén na provincia de Pontevedra, segue a considerar de gran importancia estratéxica reforzar o Servizo de Promoción do Emprego desta institución provincial. Con este obxectivo presentouse o Plan de Acción para o Emprego 2012-2013, que pretende consolidar as actuacións iniciadas pola Excma. Deputación de Pontevedra ó abeiro do Plan de Acción para o Emprego no ano 2012, con dous obxectivos principais: profundizar no reforzo do servizo de asesoramento e información para o emprego da Deputación por unha parte, e consolidar o proceso de apertura da institución provincial como órgano de interlocución e consenso con todos os concellos e axentes económicos da provincia de Pontevedra que traballan no ámbito do fomento do emprego e da cultura emprendedora.

Por tal motivo, a Deputación de Pontevedra promove, en colaboración coa Universidade de Vigo, a posta en marcha de diversos FOROS DE INICIATIVAS LOCAIS sobre innovación para o desenvolvemento empresarial e o emprego en Concellos de entre 13.000 e 40.000 habitantes.



D. Rafael Louzán Abal

Presidente

Excelentísima Deputación de Pontevedra

2. INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO

Ó longo dos últimos anos están ocorrendo indubidables e ineludibles cambios na estrutura económica dos territorios, tanto a nivel nacional, como autonómico ou local. Estes cambios obrigan a abrir unha nova etapa de reestruturación económica, tecnolóxica e organizativa, onde a introdución de elementos innovadores xoga un papel fundamental á hora de optimizar os niveis de produtividade e competitividade empresarial, alentando o crecemento de sectores emerxentes e contribuíndo a á reestruturación dos sectores económicos en declive.



Neste contexto é onde cobran cada vez máis importancia as iniciativas de desenvolvemento local, é dicir, aquelas iniciativas que pretenden poñer en valor os recursos endóxeos de cada territorio e a busca de novas fontes de emprego, a fin de adaptar as economías locais ós cambios e tendencias globais.


Así, a través da identificación dos recursos e capacidades da área local de Nigrán, a posta en marcha deste Foro de Iniciativas Locais pretende xerar un espazo de dinamización e participación a nivel local, para identificar oportunidades e posibles iniciativas de desenvolvemento empresarial e emprendemento que orienten a acción dos axentes locais en xeral e das Administracións Públicas en particular, de tal forma que se consiga xerar unha maior riqueza e emprego no territorio.

Así mesmo, a celebración deste Foro de Iniciativas Locais complementarase coa articulación doutros, noutras localidades da Provincia de Pontevedra de entre 13.000 e 40.000 habitantes, para acadar unha maior continuidade da iniciativa e unha maior repercusión dos seus obxectivos.

Polo que respecta ás fases seguidas para a estruturación e organización xeral dos Foros de Iniciativas Locais, seguiuuse o esquema ilustrado na Figura 1, de tal xeito que nun primeiro

momento elaboráronse os contidos correspondentes ó informe previo, cuxa información cuantitativa empregada elaborouse cos datos dispoñibles a data de novembro de 2012.

Figura 1
Fases do proxecto



Fonte: Elaboración propia

En canto á segunda fase aquí reflectida, a correspondente ás entrevistas, en cada municipio seleccionado contouse coas opinións tanto da Administración Pública Local, como de representantes do tecido empresarial da zona cunha ampla experiencia emprendedora, mediante a realización dunha serie de entrevistas estruturadas.


Así, no caso de Nigrán, entrevistouse directamente ós seguintes axentes:

Entidade	Persoa
Concello de Nigrán (Alcalde)	D. Alberto Valverde Pérez
Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Nigrán	Dna. M. Xesús Seoane Lema
Marine Instruments SL	D. Francisco Pino
AINE Ingeniería SLL	D. Abel Eiras D. Juan Salgueiro
Estabiliza Ingeniería del Terreno	D. Nicolás Gómez

Polo que concirne á estrutura destas entrevistas, deseñáronse dous modelos: un destinado ós axentes da Administración Pública Local, e o outro ós emprendedores de cada territorio (ver

Figura 1). Ambos modelos perseguen a finalidade de obter unha visión xeral das actividades idóneas para cada área xeográfica en función das súas potencialidades, a máis de tentar achegar a idea de cáles son as principais barreiras e facilitadores ó emprendemento que detectan estes axentes. Finalmente, considerouse oportuno incluír un último apartado vinculado á pregunta , de que pode facer a Administración Pública nestes momentos para apoiar e potenciar o emprendemento nos territorios locais. Deste xeito con toda a información recollida a través destas entrevistas, elaborouse un informe final específico para cada municipio obxecto da iniciativa.

Figura 2
Temática orientativa das entrevistas



Finalmente, unha vez realizadas todas as entrevistas propostas e elaborados os informes correspondentes a cada localidade, elaborárase un último informe, de conclusións sintéticas, que recollerá de forma resumida as principais conclusións derivadas de todo o proxecto.

3. INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE NIGRÁN

A. Principais recursos infraestruturais do Concello de Nigrán.

A **vila de Nigrán** sitúase no sureste da provincia de Pontevedra, e as súas costas están bañadas polo océano Atlántico, tal e como se amosa no mapa posterior. Segundo o Instituto Galego de Estatística Nigrán conta cunha extensión de **34,8 km²** Nigrán pertence á bisbarra do Val Miñor que, á súa vez, depende administrativamente da comarca de Vigo. Esta bisbarra integra os concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, polos que discorre o río Miñor, curso ao que a bisbarra debe o seu nome e a súa especial orografía. Ten unha superficie aproximada de 145 Km² e a súa poboación ascende a uns 39.200 habitantes, dos que máis dun terzo pertencen ao concello de Nigrán. A máis, esta vila pertence a mancomunidade de municipios de Vigo e tamén a área metropolitana de Vigo.



Nigrán conta polo tanto cunha ubicación estratéxica, limítrofe co Concello de Vigo, a menos dunha hora da capital da provincia, Pontevedra, e a menos de media hora da fronteira con Portugal. Por outra banda destaca tamén a súa proximidade a un dos grandes nodos de transporte de mercancías de Galicia, o Porto de Vigo, a aproximadamente 15km.

Á hora de falar das infraestruturas que posúe o municipio de Nigrán, dividíranse estas en: Infraestruturas de comunicación, Infraestruturas empresariais e Infraestruturas Sanitarias e Educativas

- ***Infraestruturas de Comunicación:***

Polo que se refire ás infraestruturas de acceso á vila, Nigrán, a través da autopista AG-57 está comunicada con toda a rede de autopistas e autovías do Estado así como coas vías de entrada a Portugal. A máis, Nigrán está comunicado diariamente con poboacións como Baiona, Gondomar ou Vigo a través do servizo de autobuses. Por ferrocarril, a estación máis próxima é a de Vigo a 15 km, aproximadamente.

Por outra banda, chegar a Nigrán a través do avión tamén é relativamente fácil, pois esta vila atópase a 20 minutos do aeroporto de Vigo, a unha hora do de Santiago de Compostela e a menos de 1 hora e media do aeroporto de Oporto.

- ***Infraestruturas Empresariais:***

No tocante ás infraestruturas empresariais coas que conta o Concello de Nigrán destaca a existencia dunha zona empresarial como a denominada “O Portomolle”, xestionado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFV) e no que a devandita entidade invertiu máis de 105 millóns de Euros. Así, este parque empresarial conta con máis de 100 Hectáreas destinadas a zonas de uso industrial e terciario. Ó mesmo tempo, artículase como parque tecnolóxico, pois pon a disposición das empresas, unha serie de infraestruturas que potencien e incrementen a súa innovación.

Este parque, atópase integrado no centro da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal, e está moi próxima ó eixo vertebrador Coruña-Vigo-Braga-Oporto, cidades que contan con portos de interese xeral para poder acceder á autopista do mar e con catro aeroportos (Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña e Oporto) nun radio de 90 minutos.

Así mesmo entre as infraestruturas que este parque tecnolóxico pon a disposición das empresas que alí decidan instalarse destacan por un lado o centro de iniciativas empresariais, que serve de aloxamento a novas iniciativas e oferta formación e asesoramento; e por outro lado o centro de negocios que ofertará salas multimedia, espazos para conferencias, reunións, aulas de formación e espazos polivalentes de videoconferencias.

A máis, neste eido non se pode esquecer que a proximidade de Nigrán a dous grandes núcleos de solo empresarial de Galicia como os localizados en Vigo ou en Porriño, eleva enormemente a cantidade de solo industrial dispoñible nun radio de 20 km.

- ***Infraestruturas Sanitarias e Educativas***

Centrándose nas infraestruturas sanitarias, en Nigrán existen dous centro de atención primaria, nos que prestan servizos 72 persoas, dos cales 22 son médicos de medicina xeral e 3 son pediatras. Feito destacable, é neste senso que nun radio de 15- 20 km en Vigo existe unha ampla rede hospitalaria formada por 9 hospitais cunha cobertura de 1.200 camas. Tamén é de destacar o feito de que no propio Concello de Nigrán existen dous centro de día e catro residencias de anciáns, o que ven a complementar a oferta de benestar social.

Por outra banda, en canto os centros educativos, en Nigrán existen un total de 13 centros, dos cales 2 son Escolas de Ensinanza Infantil (EEI), 4 son Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) e 2 son Institutos de Ensinanza Secundaria (IES) onde ademais se poden cursar ensinanzas postobrigatorias(bacharelato e FP). Existen ademais dous centros educativos onde é posible cursar ensinanzas dende infantil a secundaria, e outros dos de Educación Especial.

Polo que respecta ó número de alumnos matriculados nestes centros, segundo se amosa na Táboa 1, son case 2.626 os alumnos que cursan estudos no municipio de Nigrán, pertencendo a maioría deles á educación primaria e secundaria obrigatoria.

Táboa 1
Alumnos matriculados segundo tipo de ensinanza. Curso 2011/2012

Tipo de Ensinanza	Número
Educación infantil	454
Educación primaria	862
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	669
Bacharelato ordinario	229
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	80
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	73
Programas de cualificación profesional inicial	12
Ciclos Formativos de Grao Medio adultos	62
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	147
Educación Especial	38
TOTAL	2.626

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Esta oferta, complétase coa existencia para os máis cativos dunha gardería municipal, a máis de varias privadas e doutras garderías públicas e municipais ubicadas nos concellos limítrofes e da área comarcal do Val Miñor e Vigo.

Finalmente, tamén compre mencionar no eido dos estudos superiores a posibilidade de cursar ensinanzas universitarias oficiais de grado, posgrao e doutorado nun entorno próximo como é a Universidade de Vigo nos propios campus da cidade e nos campus de Pontevedra e Ourense. Ademais tamén é importante a presenza na cidade de Vigo, dunha entidade como é a Escola de Negocios NovaCaixaGalicia que ofrece formación específica para directivos empresariais actuais e futuros, profundado na mellora da competitividade da empresa galega a través dos seus cadros de mando.

- ***Outras infraestruturas do Concello de Nigrán.***

Finalmente, á hora de realizar unha análise das infraestruturas que posúe o Concello de Nigrán, non se poden esquecer as infraestruturas de tipo máis lúdico deportivo, ou culturais como poden ser as bibliotecas, das que Nigrán posúe unha integrada na rede de bibliotecas de Galicia.

Do mesmo xeito no eido deportivo, este municipio conta cunha pista de xogo, dous pavillóns polideportivos e unha piscina cuberta. Tamén no eido social Nigrán conta con recursos infraestruturais, pois alberga 4 casas da cultura, a mais dunha ampla rede de parques e xardíns.

Tamén neste eido, compre citar a presenza nun entorno próximo (aproximadamente 15 Km), dunha infraestrutura como é o Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), cuxo recinto feiral está dotado de 3 pavillóns, así como de todos os servizos precisos para desenvolver feiras, exposicións e congresos de carácter nacional e internacional.

B. Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.

• *Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de Nigrán*

Polo que respecta ó patrimonio histórico- cultural, dentro da arquitectura de Nigrán, destaca o templo Votivo del Mar, deseñada polo arquitecto Antonio Palacios e no que algúns expertos atopan unha mestura do estilo de Gaudí, cun marcado estilo galego grazas o emprego da pedra sen tallar. A máis, unha das torres simboliza un faro coa súa rosa dos ventos.

No apartado da arquitectura de ámbito relixioso ó lado do devandito templo de Palacios, atópanse os restos dunha igrexa sueva do século VII dedicada a San Panteleón, que conserva o arco da entrada. Así mesmo, Nigrán tamén conta cun importante grupo de casas de avoengo ou señoriais, como la casa de Torre da Touza ou o Pazo de Cadaval. Tamén gozan de bo estado de conservación os pazos de Cea, de Brito, de Lamelas e de Pais.

Tamén é digno de mención, o feito de saberes que Nigrán estivo habitado na época prerromana, proba do mesmo, existen mámoas e castros nos lugares de Vilariño e Chain, e tamén pasan pola localidade dúas calzadas imperiais. Finalmente no terreo da arquitectura civil destaca a ponte da Ramallosa, sobre a cal se construíron varias lendas.


Pese a todo isto, sen dúbida o que máis destaca de Nigrán son as súas praias, de sobra coñecidas na contorna, Así a praia de máis sona é a Praia América de máis de 1 km. de lonxitude. Outras praias menos coñecidas pero igualmente de calidade son as de Madorra, Area Fofa, Ribas Brancas ou a de Patos, moi visitada polos surfistas.

Finalmente tamén neste eido compre destacar que na parroquia de Panxón, quizais a zona de Nigrán máis desenvolta turísticamente, atópase o areal que recibe o mesmo nome e tamén un dos portos deportivos máis importantes de Galicia, cunha gran actividade no verán e que dispón de un dique de abrigo de 100 metros de longo e peiraos de 77 metros.

• *Caracterización Social do Concello de Nigrán*

A localidade de Nigrán conta segundo o censo do ano 2011 con 17.879 habitantes. De entre esta poboación segundo o Anuario Socioeconómico de Caja España, o 3,4% son estranxeiros, pertencendo a gran maioría deles a Unión Europea e a América Latina. No tocante a cómo evolucionou a poboación nos últimos cinco anos, cumpre dicir, que segundo o que se amosa na Figura 3, dende o ano 2005 ata o 2009 a poboación deste concello incrementouse nun 4,28%, pero sen embargo a partires desa data e ata a actualidade as persoas censadas en Nigrán sufriron un lixeiro descenso de aproximadamente un 0,8% .


Figura 3
Evolución da poboación 2005-2010



Fonte: Anuario 2012 La Caixa

En canto á distribución da poboación no territorio, segundo os datos extraídos do Instituto Galego de Estatística, esta sitúase nos 513,8 habitantes por km², unha densidade moito maior que a galega que se sitúa nunha media de 91 habitantes por km². Do mesmo xeito, esta densidade poboacional de Nigrán, non deixou de medrar dende o ano 1.998, cando se situaba en torno ós 449 habitantes por km², o que revela un crecemento ata a actualidade dun 14,2%. Pese a isto nos dous últimos anos a densidade de poboación deste municipio do Val Miñor diminuíu lixeiramente.


Figura 4
Evolución da densidade de poboación 1998-2011



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE.

Polo que respecta á estrutura da poboación no municipio de Nigrán, segundo o que se pode observar na pirámide representada na Figura 5, esta é unha pirámide regresiva, é dicir, cunha base máis estreita có centro e cunha cima relativamente ancha. Esta forma ven a indicar un descenso da natalidade nos últimos anos, o que pode levar a un envellecemento da poboación municipal nas próximas décadas, feito que se confirma cando se analiza o índice de remprazo poboacional que se sitúa no 0,82 (poboación menor de 16/ poboación maior de 65) e indica que a poboación municipal non ten asegurado o remprazo xeracional. Se ben é importante sinalar que a situación de Nigrán é mellor ca no conxunto de Galicia, onde o índice de remprazo se sitúa en torno ó 0.50.

Figura 5
Estrutura da poboación 2011



Fonte: Elaboración propia a partir do INE


Segundo cos indicadores demográficos do municipio de Nigrán na Táboa 2, pódense observar os principais indicadores e a súa evolución. Así, o máis salientable é o feito de que os nacementos víronse reducidos notablemente, concretamente case un 30%. Este feito unido a que as defuncións incrementáronse lixeiramente provoca que esta localidade pasase de ter un crecemento vexetativo positivo no ano 2006 a unha situación de crecemento vexetativo negativo no ano 2010.

Táboa 2
Taxas demográficas 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
Nacementos	172	178	153	146	122
Defuncións	131	142	125	111	141
Crecemento Vexetativo	41	36	28	35	-19

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España-2012


Centrándose nas cifras de poboación activa, Nigrán posúe 12.426 persoas que se sitúan nos tramos de idade entre 16 e 64 anos (69,5%), destas segundo o anuario socioeconómico 2012 La Caixa con data do 31 de marzo do ano 2011, preto dun 12% desta poboación activa estaba en paro. Estes datos, como se pode comprobar na Figura 6, sitúan ó municipio de Nigrán lixeiramente por debaixo da media galega e provincial.



Fonte: Anuario Socioeconómico La Caixa 2012

No tocante a cómo afecta o paro ós diferentes sexos son as mulleres as que presentan unha maior porcentaxe de paro cun 12,7%. Mentres que por grandes grupos de idade o paro afecta claramente máis a aqueles entre os 25 e os 49 anos. (13,8%). Estas mesmas conclusións pódense obter ó analizar os datos provinciais e autonómicos da Figura 7..


Figura 7
Porcentaxe de Paro rexistrado por sexos e grandes grupos de idade 2011



Fonte:Elaboración propia a partir do anuario Socioeconómico La Caixa 2012

Pese a isto, segundo os datos máis actualizados dos que dispón o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE),a data de abril de 2013 as persoas en situación de desemprego no municipio de Nigrán ascenden a 1.846 o que supón o 15,19% da poboación potencialmente activa. Por sectores, e segundo se amosa na Figura 8, o sector que rexistra un maior número de parados é o de servizos con 1.065 persoas, mentres que pola contra o sector da agricultura é o que rexistra menos paro neste concello.

Figura 8
Porcentaxe de paro por sectores, abril 2013




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

C. Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de Nigrán

• *Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de Nigrán*

Centrándose na caracterización económica do Concello de Nigrán o primeiro dato que se analiza é o número de empresas que alí se asentán. Así, no ano 2010 segundo o IGE un total de 1.353 empresas tiñan actividade en Nigrán. Destas segundo se pode comprobar na Figura 9, máis da metade (57%) eran empresas sen asalariados e máis do 25% só posúen entre 1 e 2 persoas asalariadas. Estas cifras, moi en consonancia coas galegas, denotan a importancia que as pemes e micropemes teñen dentro da economía local (para ver a evolución das cifras consultar a táboa 1 do Anexo II).



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Polo que concirne á cómo evolucionou ata o momento o censo empresarial do municipio de Nigrán, tal e como se aprecia na Táboa 3 obsérvase que dende o ano 2004, o número de empresas que decide iniciar a súa actividade descendeu un 35%, paralelamente, tamén se produce un notable incremento do número de empresas que decide pechar. Feitos

ambos que levan parellos a redución do número de empresas ubicadas no municipio, así como a destrución de postos de emprego.


Táboa 3
Evolución do censo empresarial 2004-2010

	2004	2006	2008	2010	Var. 06/09
Alta	178	161	147	114	-35%
Permanencia	1.014	1.117	1.237	1.239	22%
Baixa	66	113	122	142	115%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

En canto ó sector empresarial con máis peso no municipio de Nigrán, segundo se pode comprobar na Figura 10, este é claramente o sector servizos, que representa máis dun 71% do total de empresas da localidade. Por outra banda, no relativo a fórmula xurídica preferida polas empresas de Nigrán, máis da metade realizan a súa actividade como persoas físicas, mentres que máis dun 35% opera baixo unha sociedade limitada.

Figura 10
Proporción de empresas segundo Condición Xurídica e sector de actividade, 2011




Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Na Figura 11 e na Figura 12 amósanse as principais magnitudes económicas segundo a cadea empresarial á que pertencen (información completada no anexo). Cumpre sinalar que para a elaboración da citada táboa, empregouse como fonte a base de datos de Sistemas de Análise de Balances Ibéricos (SABI), onde só figuran aquelas empresas que teñen a obriga contable de presentar as súas contas no rexistro mercantil. Do mesmo xeito, tamén é importante ter en conta que as empresas que se analizan a continuación son as que teñen a súa sede fiscal e social no propio municipio, de tal forma que pode darse o caso de que existan

empresas que desenvolvan a súa actividade con regularidade no municipio (como por exemplo franquías, ou cadeas de supermercados) que non se contemplan na análise.

Tendo en conta o anterior, teranse en consideración 568 empresas rexistradas no municipio de Nigrán, que moven anualmente preto de 180 millóns de Euros, xerando 46 millóns de Euros de Valor Engadido Bruto e empregando a máis de 1.500 persoas. Así, a cadea que presenta unha maior actividade, é a referida á Construción e Promoción Inmobiliaria, que agrupa ó 42,08% do número total de empresas (239) empregando a aproximadamente 500 persoas (32% do total). As empresas que forman esta cadea, facturan en torno ós 45 millóns e medio de euros (25% do total), o que supón unha facturación media de 190.000 euros, cunha capacidade de xerar un Valor Engadido Bruto (VEB)¹ de 13 millóns e medio de euros.

Figura 11
Porcentaxe de empresas e facturación segundo a cadea empresarial, 2010




*NOTA: O comercio específico de cada cadea empresarial inclúese dentro da propia cadea. Por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura. De xeito xeral, a base de datos SABI ten rexistradas 132 empresas en Nigrán que realizan a súa actividade dentro dos CNAE 46 e 47 de Comercio ó por maior e ó por menor.

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

^NEnténdese por Valor Engadido Bruto (VEB) o valor engadido xerado polo conxunto de produtores/empresas dun territorio, recollendo os valores que se engaden ós bens e servizos nas diferentes etaoas do proceso produtivo. É dicir, mide a riqueza xerada polo sistema empresarial dun territorio.

A seguinte cadea con maior transcendencia é a de Automoción (incluíndo talleres e concesionarios). Esta cadea que representa ó 2,64% das empresas da vila (15), factura o 19,74% e xera un valor engadido de 4 millóns de euros. Este dato débese analizar con precaución, pois se observamos a listado de empresas con maior facturación da localidade de Nigrán do Anexo I, podemos ver como tan só a empresa Talleres Rodosa SL, factura máis de 33 millóns de Euros o que supón un 95% do total da cadea no municipio e o que é máis destacable o 18% da facturación total do conxunto do tecido empresarial.

Figura 12
Principais cadeas xeradoras de VEB e Emprego na localidade de Nigrán, 2010



Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Segundo co análise económico financeiro das empresas da vila, as seguintes cadeas con un maior aporte tanto en termos de facturación como de VEB xerado son as asociadas ás

actividades de Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Mecánicos, así como aquelas que gardan relación coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). Estas dúas cadeas en conxunto xeran aproximadamente o 15% da facturación e máis do 20% do VEB, sendo polo tanto piares fundamentais da economía local. Neste senso compre destacar a importante actividade de empresas como Marine Instruments SA, que é a segunda empresa que máis factura na localidade, Reindusmar SL ou Bibus Spain, ambas entre as 10 primeiras empresas da vila.

Finalmente, cumpre sinalar que outras actividades con importancia polo número de empresas con actividade no municipio, son as englobadas nas cadeas de Turismo, Ocio e Relacionados (7,92% das empresas) e de Comercio e Distribución non específica (9,51%),. Estas dúas cadeas xeran aproximadamente o 13% dos empregos no municipio, e o 10% da facturación empresarial. Así, empresas destas cadeas tamén aparecen na listaxe do anexo I, trátase de empresas como Abetur SL ou Iraldis SA. Débese ter en conta aquí, que as empresas asociadas a franquías de supermercados, por exemplo, non aparecen reflectidas neste análise, xa que aínda que teñen actividade na localidade, presentan as súas contas fora de Nigrán. Do mesmo xeito, tamén é importante matizar o feito de que tampouco se teñen en conta os empresarios autónomos, dado que estes non están obrigados a presentar as súas contas no rexistro mercantil.

Comparando estas cifras, coas cifras do conxunto da economía galega que se reflicten nas táboas do Anexo II, a economía deste municipio do Val Miñor presenta bastantes semellanzas coa galega e provincial, onde as actividades asociadas ás cadeas de Construción e Automoción son as que adquiren unha maior relevancia. Tamén no caso da cadea de Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos mecánicos as magnitudes proporcionais son moi semellantes. Sen embargo, onde si se observan diferenzas é na cadea de Tecnoloxías da Información e da Comunicación, que ten un maior peso proporcional na economía local de Nigrán que no conxunto da economía Galega e provincial.

En canto ás actividades asociadas ás cadeas de Comercio e distribución non específica e Turismo, ocio e relacionados, a importancia destas en Nigrán, está máis ou menos parella á importancia que posúen no conxunto da economía galega, se ben parece que as empresas destas cadeas en Nigrán teñen un maior peso proporcional na facturación do municipio.

Profundizando máis nos aspectos analizados na figura anterior, e para comprobar cal é a contribución de Nigrán á Cadea de Automoción galega e provincial, na Táboa 4 pódense observar cáles son as principais magnitudes asociadas á cadea en cada ámbito xeográfico, de tal xeito que se observa como Nigrán representa o 1,25% das empresas da provincia, pero tan só consegue representar o 0,45% da facturación do sector en Pontevedra. A nivel autonómico as cifras de representatividade rondan entre as tres décimas e o medio punto porcentual

Táboa 4
Importancia da cadea de Automoción de Nigrán sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Nigrán	35.000€	100	3.891€	15
Pontevedra	7.635.138€	25.129	1.116.432€	1.199
Galicia	9.701.884€	37.795	1.475.524€	3.032
Peso de Nigrán sobre o total de Pontevedra	0,45%	0,39%	0,34%	1,25%
Peso de Nigrán sobre o total de Galicia	0,36%	0,26%	0,26%	0,49%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

En canto á importancia relativa que posúe a cadea de Bens de Equipo, Industria auxiliar e produtos non metálicos de Nigrán, cuxas magnitudes se representan na Táboa 5, cumpre sinalar que a tanto a nivel provincial como autonómico, o seu peso é maior que no caso anterior. Deste xeito, a nivel provincial acádanse proporcións de representatividade próximas ó 1%, proporción superada amplamente á hora de valorar o peso do número de empresas existentes en Nigrán en relación coas que existen no conxunto da provincia. Por outra banda a nivel autonómico, as proporcións achéganse ó medio punto porcentual.

Táboa 5
**Importancia da cadea de Bens de Equipo, Industria Auxiliar e
produtos non metálicos de Nigrán sobre Galicia e Pontevedra, 2010**

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Nigrán	14.416€	134	5.144€	29
Pontevedra	1.836.069€	15.797	481.799€	1.560
Galicia	6.048.717€	38.405	1.272.657€	3.613
Peso de Nigrán sobre o total de Pontevedra	0,78%	0,84%	1,06%	1,85%
Peso de Nigrán sobre o total de Galicia	0,23%	0,34%	0,40%	0,80%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Por outra banda, outro dos sectores que amosaba máis importancia dentro do análise económico – empresarial do Concello de Nigrán, é o sector relacionado coas actividades da cadea de Tecnoloxía da Información e da Comunicación (TIC). Así, tal e como se amosa na

Táboa 6, o sector TIC en Nigrán posúe unha alta representatividade na cadea a nivel provincial, pois supón o case o 8.3% da facturación da cadea, o 13,5% dos empregos e o 6,42% das empresas. A parte disto, tamén é destacable o feito de que tan só sete empresas de Nigrán sexan capaces de xerar máis do 25% do VEB provincial da cadea. Feito que nos indica a súa importancia e fortaleza á hora de xerar riqueza no territorio.

A nivel galego, as porcentaxes diminúen, pero seguen sendo importantes pois as empresas TIC de Nigrán son capaces de facturar o 1,5% de todo o sector galego e de xerar o 1,3% do VEB da cadea.

Táboa 6
Importancia da cadea de Tecnoloxías da Información e da
Comunicación (TIC) de Nigrán sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Nigrán	12.424€	59	4.757€	7
Pontevedra	149.932€	435	17.676€	109
Galicia	836.674€	12.313	363.994€	1.169
Peso de Nigrán sobre o total de Pontevedra	8,28%	13,56%	26,91%	6,42%
Peso de Nigrán sobre o total de Galicia	1,48%	0,47%	1,30%	0,59%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Outra das actividades que resulta clave para o municipio de Nigrán e a vinculada ó Turismo, Ocio e Relacionados, así, segundo o anuario Caja España 2012, Nigrán conta coa infraestrutura de acollida e recepción de visitantes recollida na Táboa 7, onde se pode apreciar cómo no último ano se mantiveron estables os establecementos dedicados a hospedaxe, mentres que os de restauración e comidas diminuíron a súa presenza no conxunto da Infraestrutura turística. Estes establecementos, segundo o IGE, teñen unha capacidade para acoller a máis de 495 persoas. Capacidade á que habería que engadir a ofertada pola Casa Rural da que se teñen constancia no municipio con 18 prazas e tamén a ofertada polo campamento de turismo que alí se atopa e que conta con máis de 1.500 prazas segundo o propio IGE.

Táboa 7
Infraestrutura Turística, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Hoteis e Moteis	4	4	0%
Hostais e Pensións	7	7	0%
Fondas e Casas de Hóspedes	5	5	0%
Apartahoteis	1	1	0%
Restaurantes	54	50	-7,4%
Cafeterías	10	9	-10%
Cafés e Bares	127	124	-2,4%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Polo que respecta a importancia que a actividade turística de Nigrán ten sobre a cadea no conxunto de Galicia, as cifras reflectidas na Táboa 8, a súa aportación ronda o medio punto porcentual, cifra que se eleva a máis do 1% na representatividade provincial.

Táboa 8
Importancia da cadea de Turismo, Ocio e Relacionados de Nigrán sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Nigrán	7.482€	128	2.544€	45
Pontevedra	551.393 €	9.435	196.788 €	2.220
Galicia	1.543.202 €	27.809	586.830 €	5.638
Peso de Nigrán sobre o total de Pontevedra	1,35%	1,35%	1,29%	2,02%
Peso de Nigrán sobre o total de Galicia	0,48%	0,46%	0,43%	0,79%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Finalmente, en canto a estrutura do comercio no Concello de Nigrán, segundo o que se observa na táboa Táboa 9, existen un total de 345 establecementos alí situados, de entre os que destacan os que realizan vendas de téxtil e calzado, e aqueles que teñen a súa venda especializada en fogar e bricolaxe, pois xuntos suman case un tercio dos comercios de Nigrán.

Táboa 9
Estrutura do Comercio, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Frutas, Verduras e Tubérculos	4	4	0%
Cárnicos	13	9	-30,9%
Peixe e derivados da pesca	11	11	0%
Pan, Pastelería e Confitería.	18	17	-5,6%
Tabaco e produtos de fumador	15	15	0%
Alimentos e bebidas en xeral	38	37	-2,6
Téxtil e calzado	42	47	11,9%
Farmacia e droguería	30	29	-3,3%
Fogar e Bricolaxe	74	66	-10,8%
Vehículos e recambios	15	17	13,3%
Combustibles	2	2	0%
Comercio mixto	30	29	-3,3
Outros comercios	61	62	1,6%
TOTAL	353	345	2,27%

Fonte: Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

- ***Asociacionismo e cooperación empresarial en Nigrán:***

Á cooperación é un dos aspectos fundamentais no marco de pequenas empresas predominante no Concello de Nigrán, dado que propicia o incremento das súas capacidades competitivas e mellora a súa eficiencia.

Unha das formas de cooperación empresarial tradicional e máis estendida é a constitución de asociacións empresariais, ben sectoriais ou ben máis xerais. Así, no caso da localidade de Nigrán, o asociacionismo empresarial predominante é de nivel comarcal. Deste xeito destaca a presenza da Asociación de empresarios e comerciais do Val Miñor. Esta asociación ten como obxectivo principal promover o comercio e a industria da bisbarra do Val Miñor, de tal xeito que todos os seus asociados atopen os mecanismos e ferramentas precisas para optimizar resultados, a través da mellora da imaxe e do incremento da competitividade dos seus asociados. A maiores esta entidade tamén ofrece un importante servizo de formación e asesoramento ós seus asociados.

Tamén é importante o asociacionismo empresarial de Nigrán a organizacións empresariais de ámbito provincial como é a Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP).

A maiores de estas asociacións sectoriais, os empresarios de Nigrán, tamén son representados a través de entidades con forte repercusión a nivel nacional como o Padroado Turístico Rías Baixas.

D. Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación .

• *Centros de I+D+i no entorno de Nigrán*

A presenza de centros de Investigación, Desenvolvemento e Innovación , nunha determinada área ou nun sector de actividade, xera innumerables beneficios de cara ó tecido empresarial dese sector e da propia área de influencia na que se ubica. Entre os principais beneficios, destaca a idea de que impulsa e facilita a transferencia de coñecemento e o emprendemento, representa ó sector e á área en foros internacionais e nacionais, e favorece a aplicación e posta en práctica dos desenvolvementos tecnolóxicos no sector do que forma parte, garantindo o “feedback”.

Nos arredores de Nigrán, desenvolven a súa actividade varios centros e organismos de I+D+i. Así, cumpre sinalar os seguintes:

- A Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN), localizada en Porriño, e cuxa labor principal é a vixiar a evolución tecnolóxica dos mercados, captar e desenvolver as tecnoloxías emerxentes, impulsando a súa implantación, á vez que se propicia a innovación tecnolóxica das empresas do sector.
- O Centro Tecnolóxico do Granito, que se atopa tamén en Porriño, e que se dedica fundamentalmente a impulsar actividades relacionadas coa innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico do sector do granito e demais pedras naturais. Concretamente, entre as súas tarefas pódense citar o fomento dun desenvolvemento sustentable, a potenciación da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico de procesos e produtos, formación, asistencia técnica e tecnolóxica e a promoción e difusión do uso do granito entre outras.
- O Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), situado tamén en Porriño, que foi creada coa intención de ofrecer solucións tecnolóxicas avanzadas ó sector do automóbil, apoiando ás industrias do sector na súa modernización e adaptación ás novas tecnoloxías, contribuíndo deste xeito a mellorar a competitividade das empresas do sector da automoción, incorporando as novas tecnoloxías e impulsando a investigación e a innovación.
- O Instituto Oceanográfico de Vigo, organismo público de investigación que ten como ámbito principal de estudo o mar e os recursos mariños.

- O Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), fundación de interese galego que busca impulsar a cooperación entre institucións, centros de investigación e o sector marítimo – pesqueiro, así como fomentar a implicación dos sectores dependentes do mar en actividades de I+D+i e favorecer a eficiencia de todas as actividades relacionadas co uso e explotación do medio mariño.
- A localización próxima da Universidade de Vigo, tamén incrementa as posibilidades de transferencia do coñecemento e posibilita e acerca as relacións universidade – empresa ó núcleo territorial de Nigrán, grazas a presenza de numerosos grupos de investigación e á posibilidade de formación superior especializada.

- ***Algúns proxectos de I+d+i empresariais en Nigrán***

As empresas son unha parte moi importante e indispensable á hora de levar a cabo e implantar proxectos de I+D+i dentro dos seus ámbitos de actuación, dado que son as encargadas de que os proxectos xestados en centros de investigación se convertan en realidade. Así, no marco do tecido empresarial de Nigrán, existen empresas que colaboran activamente e apoian este tipo de proxectos.

Por exemplo destacan empresas como AINE Enxeñería SL, Triple Solar Ese Cúbica SL ou Estabiliza Servizos de Enxeñería do Terreo SL, apoiadas polo propio Concello de Nigrán para ser cualificadas como Iniciativas Locais de Emprego por parte da Consellería de Traballo, obtendo finalmente ese recoñecemento autonómico.

En todo caso e pese a isto, dende o propio Concello detéctanse unha serie de barreiras á innovación, entre as que destacan as relacionados coa resistencia ó cambio do entorno, a pouca implicación en accións conxuntas por parte das Pemes, e a ausencia de recursos para investir en modernización de equipamentos, instalacións ou medios técnicos en xeral.

4. PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDIMIENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE NIGRÁN

A. Principais datos sobre o emprendemento en Galicia

Antes de tratar dunha forma explícita as características do emprendemento no Concello de Cambados, compre coñecer cáles son as principais **características dos emprendedores e do emprendemento en Galicia**. Así, segundo o Informe GEM Galicia 2010, os emprendedores galegos presentan unha serie de rasgos básicos. Por exemplo, parece evidente que o porcentaxe de homes é maioritario en todas as fases do proceso emprendedor, quedando patente a gran diferenza que existe entre sexos, se ben o número de mulleres que decidiron poñer en marcha unha experiencia deste tipo incrementouse paulatinamente nos últimos anos.

En canto á idade media dos emprendedores galegos, esta incrementouse practicamente en todas as fases do proceso, resultando as cifras que se poden comprobar na Táboa 10. Tendo en conta isto, é importante destacar o feito de que a presenza de emprendedores entre 24 e 34 anos é cada vez menor en todas as fases do proceso.

Táboa 10
Idade media do emprendedor segundo a fase do proceso emprendedor, 2010

	Emprendedor Potencial	Emprendedor Nacente	Novo Emprendedor	Emprendedor Incipiente	Emprendedor Consolidado	Emprendedor que abandonou
Idade Media	38	46	38	40	45	42

Fonte: Informe GEM Galicia 2010

Tamén é relevante coñecer o nivel formativo dos emprendedores galegos. Así, entre os emprendedores potenciais destacan aqueles que posúen estudos de Formación Profesional, seguidos daqueles que tan só posúen estudos obrigatorios e dos que posúen formación universitaria. Por outro lado, unha das habilidades clave que ten que posuír un emprendedor para desenvolver o seu proxecto con éxito é a formación vinculada á creación e xestión empresarial. Sen embargo, e pese a isto, o nivel de formación específica para todo tipo de emprendedores diminúe con respecto ós anos anteriores.

Finalmente, polo que respecta ó entorno preferido polos emprendedores para establecer a súa idea de negocio, é o entorno urbano, en onde o porcentaxe de implantación supera o 80%, diminuindo ademais o número de abandonos neste ámbito. No outro lado da balanza sitúanse as iniciativas desenvoltas no entorno rural onde diminuiron máis dun 50% as iniciativas nacentes e aumentou considerablemente o abandono de iniciativas.

En definitiva, o perfil predominante do emprendedor en Galicia coincide co dun home ó redor dos 41 anos, que reside nun entorno urbano e posúe formación universitaria, se ben o espírito emprendedor aumentou notablemente entre aqueles que posúen estudos de formación profesional.

Centrándose xa nas **características das propias iniciativas emprendedoras en Galicia**, en primeiro lugar farase referencia ó sector xeral no que se sitúan, e é que os servizos orientados ó consumo continúan a ser o sector maioritario, sen embargo, a importancia do seu peso descendeu, sendo o sector dos servizos a empresas o que máis creceu en todas as fases e o sector extractivo o que máis diminuíu a súa presenza. Pola súa parte, o sector transformador reduciu a súa presenza na actividade incipiente, pero pola contra aumentouna nas iniciativas consolidadas.

Si se fala das dimensións das iniciativas, destacan as apostas individuais, reducíndose o número medio de propietarios en todas as fases. En termos de emprego, aumentan as iniciativas que non contan con empregados en todas as fases do proceso, trátase polo tanto de iniciativas orientadas ó autoemprego, que non son xeradas con vocación de crecemento e expansión de emprego.

Outro dato de relevancia que caracteriza ó emprendemento nun territorio, é o nivel de innovación e de uso das novas tecnoloxías. No caso galego, a falta de innovación caracteriza ó 80% das iniciativas, con independencia da etapa do proceso emprendedor na que se atopen. Deste modo, a porcentaxe de iniciativas nacentes que recoñecen certo grao de innovación reduciuse notablemente. Como consecuencia deste feito, os proxectos emprendedores de Galicia, teñen unha presenza nula ou escasa en sectores tecnolóxicos o que vai en detrimento da produtividade das iniciativas galegas e afectan negativamente á súa competitividade. Ademais, a previsión de expansión e internacionalización que presentan as iniciativas que xorden en Galicia é moi reducida, sendo os emprendedores nacentes os que se amosan máis optimistas ó respecto. Pese a isto, outro feito destacable das iniciativas emprendedoras de Galicia e que, exceptuando as iniciativas novas, a porcentaxe de proxectos que teñen o exterior como obxectivo aumentou sensiblemente.

En conclusión, pódese dicir que continúan a ser maioritarias as iniciativas de servizos orientadas ó consumo promovidas por propietarios individuais. A escasa innovación na oferta e a percepción de moita competencia no entorno é outra das conclusións que se extrae do Informe GEM Galicia 2010, onde como aspecto positivo se remarca o feito de que cada vez son máis os emprendedores que ven na internacionalización unha perspectiva de futuro.

B. Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Nigrán

Para a realización deste epígrafe recorreuse á información proporcionada por diversas entidades de ámbito local, como o propio Concello de Nigrán, o GAC Ría de Vigo – A Guarda e o GDR MAIV Baixo Miño, recollendo tamén información proporcionada polo IGAPE. Así, a través destes datos tentárase ofrecer unha visión da situación global do emprendemento nesta vila.

Deste xeito, en materia de creación de empresas dende o ano 2010 ata a actualidade o IGAPE- BIC Galicia, colaborou e apoiou a posta en marcha de case corenta novos proxectos de emprendemento concretos no Concello de Nigrán, en ámbitos tan dispares como as enerxías renovables, o téxtil, hostalaría, tendas on line, a artesanía ou o agroalimentario, entre outros. En concreto, no que vai de ano foron cinco os proxectos de emprendemento rexistrados polo IGAPE, algúns dos cales xa están en funcionamento, esperándose que a principios do vindeiro anos se poñan en marcha os demais.

Por outra banda, dende o servizo de creación de empresas do Concello de Nigrán, durante o ano 2011 asesoraron e informaron a preto de 31 persoas, en materia de emprendemento. Cómpre ter presente en todo momento que os datos analizados correspóndense exclusivamente con usuarios clasificados como emprendedores, polo que non constan aquí os usuarios de orientación, formación, inserción a través de programas públicos de emprego ... Tendo en conta isto, dos 31 proxectos de creación de empresas que solicitaron información só 6 se converteron en empresas constituídas.

Segundo o propio servizo de emprendemento do Concello de Nigrán a tendencia do ano 2012 é similar en canto ó número de usuarios e número de proxectos postos en funcionamento, (mentres que crece de forma moi importante o número de consultas sobre inserción laboral).

Completando esta información, pódese dicir que 17 destes usuarios tiñan unha titulación mínima de F.P e/ou titulacións universitarias; 4 atopábanse en situación de risco de exclusión social e 1 tiña certificada unha minusvalía. Respecto ó ano 2012, o campo máis salientable e que o colectivo de persoas en risco de exclusión social é moito máis importante que no ano anterior.

En canto á tipoloxía das preguntas que realizan estas persoas cando acoden os servizos do Concello, as temáticas máis frecuentes son as que se reflicten na táboa seguinte, tendo en conta que unha mesma persoa pode formular varias consultas sobre diferentes temáticas:

Táboa 11

Temáticas máis frecuentes tratadas polas persoas que acoden ó servizo de emprendemento 2012

TEMA	TOTAL APROXIMADO
Autónomos e Economía Social	26
Programas de Cooperación	15
Asesoramento Legal: laboral/fiscal/técnico	27
Asesoramento económico/financeiro/ comercial	26
Ofertas/demandas de emprego	26
Cursos e actividades da Consellería de Traballo e Benestar	19
Cursos e actividades diferentes ós da Consellería	20
Copias de documentación	31
Outra información local	25

Fonte: Concello de Nigrán.

De todas as consultas recibidas dende este departamento do Concello de Nigrán extraíse unha serie de conclusións sobre as características dos emprendedores e o emprendemento na vila:

- **A maioría dos emprendedores potenciais sitúanse entre os 30 e os 45 anos de idade.**
- **Máis do 60% son mulleres**
- **Unha parte importante dos emprendedores potenciais posúe estudos de F.P ou universitarios**
- **Maioritariamente os emprendedores potenciais levan inscritos menos dun ano no servizo público de emprego estatal.**

Se se comparan estes datos cós ofrecidos con anterioridade para o conxunto de Galicia, pódese comprobar como apenas hai diferenzas en canto á franxa de idade e formativa dos emprendedores. Sen embargo onde si se aprecian diferenzas é no sexo dos emprendedores, pois no conxunto de Galicia, predomina o sexo masculino nas diferentes fases do proceso emprendedor, namentres que no Concello de Nigrán o emprendedor potencial é feminino.

Polo que respecta ás principais necesidades de formación para o emprego, segundo os datos do propio Concello, dentro do campo do autoemprego, e en función do xa exposto ata este momento, as principais necesidades de carácter formativo detectadas céntranse na xestión empresarial, cunha especial atención a aspectos relacionados coa administración

tributaria, planificación empresarial, estudos de mercados e análise da viabilidade do proxecto ...

Polo que atinxe ao emprego por conta allea, percíbese unha carencia sobre todo de actualización de coñecementos e reciclaxe (especialmente grave se se ten en conta que o número de desempregados maiores de 40-45 anos crece de xeito significativo) que dificultan aínda máis a reincorporación ó mercado laboral. Ademais, en xeral, a propia formación en técnicas de busca de emprego é bastante deficiente, xa que hai un importante descoñecemento dos novos sistemas de busca de emprego (redes sociais e internet, especialmente) xunto con carencias no campo das habilidades máis básicas na busca de emprego.

Do mesmo xeito, os principais xacementos de emprego detectados polo técnicos de desenvolvemento local, xiran en torno a dous eixos básicos: O turismo e o Polígono Industrial Porto do Molle:

- Dentro do turismo, os puntos fundamentais serían a desestacionalización con empresas que non vendan exclusivamente o turismo de sol e praia, senón o turismo de mar, natureza, recursos culturais ...
- En canto a Porto do Molle, dado que se trata dun polígono empresarial, estará dotados de zonas de servizos que, pola súa ubicación, poden resultar moi interesantes para as empresas como supermercados, hostalería, ocio ... que alí se instalen.

Tendo en conta isto os perfís máis habituais demandados polas empresas que solicitan os servizos de inserción laboral do concello, xiran en torno ós seguintes puntos:

- Un sector habitual, con traballos a xornada parcial, é o de atención a persoas dependentes/maiores, en servizos de axudas a domicilio ou centros especializados, sector no que o propio Concello de Nigrán realizou xa varios cursos formativos.
- No sector da hostalería hai postos vacantes por falla de formación específica dos aspirantes, polo que o Obradoiro de Emprego Mancomunado que se vai desenvolver proximamente se vai a centrar neste campo.
- En relación coas empresas do polígono, tramítanse ofertas de perfís relacionados coa soldadura, prensa ..., así como é frecuente a demanda de perfís con altos niveis de formación en idiomas estranxeiros, especialmente inglés e alemán.

En canto ós proxectos de estimulación do emprendemento e do emprego levados a cabo polo propio Concello de Nigrán, a maiores dos cursos formativos e as actuacións xa mencionadas, destaca a celebración por parte da Concellería de Promoción Empresarial, Emprego e Comercio do proxecto denominado como “Outubro: Mes do Emprego en Nigrán”, pioneira en toda a Comarca, onde se puxeron en marcha un amplo conxunto de actividades formativas e divulgativas coa finalidade de facer chegar a toda a poboación varias iniciativas que pretenden contribuír a mellorar as competencias persoais e profesionais dos residentes e axudarlles na busca activa de emprego.

A parte de esta información de carácter xeral sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Nigrán, é fundamental destacar a labor que exercen determinados organismos de carácter comarcal de cara ó fomento do emprego e o emprendemento na comarca. Así, entre outros estes son, GAC Ría de Vigo – A Guarda e o GDR MAIV Baixo Miño .

A acción destes entes está encamiñada á realización de proxectos que fomenten o emprego e o emprendemento na súa área de actuación. Así, destacan proxectos como os que se citan a continuación en colaboración empresas ou entidades do entorno:

- Proxectos no ámbito do sector pesqueiro e dos seus transformados, relacionados coa comercialización de novos produtos, así como coa difusión da cultura mariñeira e de valorización da mesma, desenvolto polo GAC en colaboración con asociacións, confrarías, ou as Administracións Públicas Locais.
- Proxectos que pretenden a dinamización do sector agrario e forestal, a mellora medioambiental da contorna e a diversificación da economía rural e a mellora da calidade de vida, nos que colabora o GDR.
- Proxectos de fomento do emprego e o emprendemento que desenvolve a propia Deputación de Pontevedra, entre os que cabe citar os cursos actívate e os que se enmarcan dentro do plan de emprego da mesma.

5. SÍNTESE DAS ENTREVISTAS REALIZADAS NO CONCELLO DE NIGRÁN

A. Síntese das entrevistas realizadas

Trala realización das entrevistas correspondentes no Concello de Nigrán, seguindo tanto a temática orientativa amosada na Figura 2 e que se reflicte na introdución deste documento, como a estrutura presentada nas entrevistas que se recollen nos anexos a este documento, pódense extraer unha serie de conclusións derivadas das opinións dos axentes entrevistados, sobre as potencialidades e as posibilidades de emprendemento neste concello do Val Miñor.

Así, en primeiro lugar, polo que respecta ás **potencialidades detectadas** polos axentes entrevistados, tanto dende o punto de vista da Administración Local, como dende a visión dos emprendedores, a principal baza coa que conta este concello é o seu emprazamento estratéxico, vinculado ó seu contexto paisaxístico e natural e á súa proximidade a unha gran urbe como pode ser Vigo e ó país veciño. A maiores, para os axentes empresariais, o contar cunha gran superficie de solo empresarial preto, como é a do parque empresarial e industrial de Porto Molle, a máis de outros polígonos industriais como o de Gondomar ou o de Porriño, resulta determinante á hora de ubicar calquera negocio, e de feito foi un dos factores que impulsaron tanto á empresa AINE Enxenería como a Estabiliza Enxeñería do terreo ou incluso a Marine Instruments, a instaurar a súa sede neste concello. Neste senso é importante destacar o feito de que os axentes entrevistados manifestaron a necesidade de mellorar a competitividade nos prezos de acceso ó solo no parque empresarial, sobre todo tendo en conta a proximidade con Portugal, onde se ofrece solo cunhas mellores condicións de acceso. Neste sentido, para os axentes entrevistados, é importante evitar que o Parque Empresarial se converta nun elemento illado do resto do axentes do concello, sendo vital polo tanto, o mantemento dunha política de comunicación e coordinación de tal forma que flúa a información e os recursos se compartan.

Deste xeito, a existencia dunha área empresarial deste tipo é vista como un gran facilitador do emprendemento neste concello, sendo moi valorada a posta en marcha da incubadora/aceleradora empresarial que poría a disposición dos emprendedores nacentes instalacións e servizos axeitados ás súas necesidades, existindo ademais a previsión de pór en funcionamento nun breve espazo de tempo unha escola de emprendedores por parte do Concello de xeito mancomunado cos outros concellos do Val Miñor e con apoio da Xunta de

Galicia, que forme ós potenciais emprendedores na xestión empresarial e incrementa as súas posibilidades de éxito.

Polo que concirne a outro dos bloques de contido que centraban as entrevistas, o correspondente ás posibles **ideas de negocio ou nichos de mercado** existentes en Nigrán, dende o ámbito público sinalouse o feito de que as actividades turísticas atópanse pouco desenvoltas, carecendo este concello dunha boa infraestrutura turística que lle permita aproveitar todo o seu potencial paisaxístico. Pese a isto segundo as propias palabras dos axentes entrevistados cumpre *“desestacionalizar a demanda turística, para o que é imprescindible a innovación, sendo preciso que o sector turístico empregue máis as Tecnoloxías da Información e da Comunicación que proporcionan novas oportunidades, por exemplo no ámbito da promoción a través das Redes Sociais, que facilitan poder chegar a todo o mundo nun breve espazo de tempo”*. Así mesmo, segundo o comentado, o camiño cara esta desestacionalización, atoparíase na creación de produtos turísticos orixinais que complementen a oferta existente na área de influencia do Concello, o que permitiría xerar imaxe de marca e produtos identificables, orientados por exemplo ó turismo de experiencias e ó desenvolvemento de ocio e actividades alternativas.

Tamén vinculadas á existencia do Parque Empresarial de Porto do Molle xorden ideas sobre oportunidades de negocio ou nichos de mercado baleiros, xa que é visto polos axentes entrevistados como o entorno propicio para a instalación e creación de empresas tecnolóxicas ou auxiliares das empresas alí instaladas.

Máis aló das actividades turísticas ou o parque empresarial, tamén se sinalou a potencialidade dun territorio como Nigrán e o Val Miñor en xeral para emprender negocios vinculados á saúde e á calidade de vida, aproveitando os equipamentos sociais e a calidade de vida existente nesta área xeográfica, para atraer a novos residentes, sendo moi importante innovar na idea e crear empresas que ofrezan produtos e servizos diferenciados empregando os recursos existentes na área.

Finalmente, outras oportunidades de negocio que na actualidade non están a ser aproveitadas na área de Nigrán, segundo os diversos axentes obxecto da entrevista, estarían vinculadas ó comercio que na vila actualmente é escaso e moi disperso, polo que o ideal sería o seu establecemento de xeito organizado, en torno a un núcleo claro ou que funcionase baixo unhas pautas e programas de promoción e de crecemento comúns, para o que se podería aproveitar a existencia da Mesa Local de Comercio.

Pese a todo isto, no apartado dedicado a identificar **barreiras para o xurdimento e o éxito das iniciativas emprendedoras**, manifestouse que no contexto actual debido principalmente á dificultade de acceso ó financiamento, é moi difícil ter éxito, de tal xeito que o contar cunha iniciativa realista e ben preparada, é un factor fundamental para acadar os obxectivos previstos.

Por outro lado, a través das entrevistas identificáronse unha serie de barreiras relacionadas coa mentalidade existente na sociedade en xeral que se traslada ós emprendedores potenciais, pois este posúe un gran medo a asumir riscos e non quere innovar. Actitude en parte derivada da escasa formación empresarial dos emprendedores, que nun contexto como o actual ven no autoemprego unha última saída da situación na que se atopan, pese a non posuír un perfil empresarial claro, nin contar cun proxecto meditado, o que na maioría dos casos induce ó fracaso das iniciativas.

Neste contexto, todos os axentes consultados mediante esta iniciativa consideran que o **apoio da Administración Pública local e provincial** ó emprendemento e ó emprego é fundamental. Así, dende o propio Concello, asignóuselle a este tema unha maior cantidade de recursos tanto humanos como económicos, pois nos orzamentos deste ano está previsto aprobar unha maior dotación económica para este tema, contando por primeira vez ademáis cunha concellaría propia e independente que facilita organización de actividades e programas de actuación estruturados.

Polo que atinxe á Administración Pública Provincial segundo o exposto polos axentes entrevistados, esta debería actuar como un ente coordinador, que una sinerxías de cara a converter a Administración Local en máis eficaz e eficiente, como un ente que aglutine a organización e coordinación de todos os axentes con competencias en materia de emprego e emprendemento, propiciando o contacto e interrelación constante entre todos os membros da rede de emprego e emprendemento local mediante por exemplo, a convocatoria dos técnicos de emprego e desenvolvemento local, ou a posta en marcha de actividades que propiciasen a formación de masa crítica sobre o emprendemento e o emprego.

Neste senso é importante destacar o feito de que os axentes empresariais entrevistados manifestan a importancia de contar cunha Administración máis áxil e flexible, que elimine burocracia e reduza os tempos de actuación, sendo de moita utilidade poder contar co apoio dunha Administración Local próxima e preocupada, xurdindo ideas de apoio concretas como poden ser facilitar o acercamento ós clientes potenciais facéndolle chegar á xente ó nacemento destas novas iniciativas emprendedoras, un apoio que consideran preciso

de cara a chegar ó mercado de xeito exitoso, facilitando polo tanto a comunicación entre as iniciativas emprendedoras locais e o seu público obxectivo.

Por último resaltar que os axentes empresariais entrevistados poñen de manifesto que *a “imaxinación, a intuición e a experimentación deben tornarse en elementos fundamentais á hora de pór en marcha un novo negocio ou de avaliar unha oportunidade de mercado, pois son valores que se atopan en alza”* e que polo tanto se deben potenciar tanto dende o ámbito da empresa privada como dende o propio sector público.

B. Cadro resumo

NOVAS INICIATIVAS DOS ENTES LOCAIS

Concello de Nigrán

- Dende o Concello, e considerando prioritaria esta área de intervención, creouse por primeira vez unha concellaría propia, a concellaría de “Promoción empresarial, comercio e emprego”, destinando máis recursos ó efecto.
- Existencia dun proxecto para crear unha “escola de emprendedores”, en colaboración cos concellos do Val Miñor e subvencionada pola Xunta de Galicia, que propiciará ós emprendedores potenciais a formación básica necesaria para a xestión dunha pequena empresa.

CÓMO PODEN AXUDAR AS ADMINISTRACIÓNS?

- Coordinación de recursos e capacidades de todos os entes públicos e privados que teñan competencias no ámbito do emprendemento e o emprego.
- Incentivo á comunicación e ó intercambio de experiencias positivas entre a rede de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local.
- Flexibilización e axilización de trámites burocráticos á hora de crear unha empresa, reducindo os tempos de espera.
- Apoio ás iniciativas emprendedoras de cara a facilitar o acercamento ós seus clientes potenciais e darse a coñecer entre o seu público obxectivo.

ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E EMPRENDEMENTO

En Xeral:

- No contexto actual a “imaxinación, a intuición e a experimentación” deben ser elementos fundamentais á hora de emprender pois son valores que se atopan en alza.
- Para que unha idea de negocio funcione, é preciso contar cunha mínima formación ou cultura empresarial, a máis de coñecer o sector de actividade en profundidade presentando un proxecto moi estudado e meditado que conte cun plan de empresa viable.

En concreto:

- **Turismo:** Empresas relacionadas co turismo de IV gama, de experiencias e sensacións, a máis do turismo deportivo, cultural ou etnográfico e en xeral, actividades que complementen a oferta turística xa existente nas áreas próximas.
- **Novas Tecnoloxías:** Creación de empresas tecnolóxicas, aproveitando as instalacións de Porto do Molle e fixándose nas necesidades das empresas xa instaladas alí.
- **Comercio:** Creación dunha oferta de comercio organizado e profesionalizado, que ofrezca produtos innovadores.
- **Benestar:** Emprendemento en torno ó benestar e calidade de vida, aproveitando os bos equipamentos sociais da vila e sabendo identificar as necesidades básicas non satisfeitas da poboación.

ANEXOS

I. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de Nigrán

Táboa 1

Evolución do número de empresas segundo estrato de asalariados 2005-2010

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
sen asalariados	703	686	765	795	825	826
de 1 a 2 asalariados	315	346	355	347	354	330
de 3 a 5 asalariados	129	165	164	168	134	137
de 6 a 9 asalariados	48	44	40	41	42	35
de 10 a 19 asalariados	18	21	18	17	14	13
de 20 a 49 asalariados	14	14	14	12	10	9
de 50 a 99 asalariados	2	1	2	3	2	2
de 100 a 249 asalariados	1	1	1	1	1	1
de 250 ou máis asalariados	0	0	0	0	0	0
TOTAL	1.230	1.278	1.359	1.384	1.382	1.353

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Táboa 2
Principais magnitudes económicas das empresas de Nigrán, 2010¹

Cadena ²	Facturación	% Facturación	Empregados	% Empregados	Valor Engadido	% Valor Engadido	Número Empresas	% Empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	10.025	5,65%	36	2,39%	983	2,13%	16	2,82%
02 Forestal y productos Transformados de la madera	11.938	6,73%	88	5,84%	2.446	5,29%	18	3,17%
03 Agricultura Ganadería y sus Transformados	8.596	4,85%	127	8,43%	2.492	5,39%	27	4,75%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	1.148	0,65%	17	1,13%	388	0,84%	4	0,70%
05 Automoción	35.000	19,74%	100	6,64%	3.891	8,42%	15	2,64%
07 Química-Farmacéutica	1.513	0,85%	17	1,13%	442	0,96%	5	0,88%
08 Téxtil-Confección-Moda y Complementos	5.472	3,09%	45	2,99%	1.129	2,44%	17	2,99%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	45.148	25,46%	484	32,14%	13.529	29,26%	239	42,08%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	7.482	4,22%	128	8,50%	2.544	5,50%	45	7,92%
11 Información, Cultura y Audiovisual	2.216	1,25%	17	1,13%	750	1,62%	17	2,99%
12 Comercio y Distribución no específicos	10.862	6,13%	78	5,18%	1.691	3,66%	54	9,51%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	14.416	8,13%	134	8,90%	5.144	11,13%	29	5,11%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	12.424	7,01%	59	3,92%	4.757	10,29%	7	1,23%
16 Energía	242	0,14%	0	0,00%	211	0,46%	3	0,53%
17 Logística Y Transporte	1.823	1,03%	32	2,12%	544	1,18%	12	2,11%
18 Servicios Financieros	1.127	0,64%	18	1,20%	1.264	2,73%	18	3,17%
19 Educación y Salud	4.016	2,26%	65	4,32%	2.540	5,49%	17	2,99%
20 Otras actividades en general	3.864	2,18%	61	4,05%	1.486	3,21%	25	4,40%
Total general	177.311	100,00%	1.506	100,00%	46.232	100,00%	568	100,00%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

¹ Só se inclúen as empresas domiciliadas na localidade de Nigrán con obriga de presentar as súas contas.

² A metodoloxía de cadeas empresariais contempla na mesma as actividades relacionadas coa produción/extracción, a transformación e a comercialización específica, conformado o comercio NON específico unha cadea diferente. Así por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura.

Táboa 3
Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Galicia segundo cadea, 2010

Cadena	Facturación	Empleados	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	8,26%	4,51%	4,63%	2,86%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	2,71%	3,89%	3,11%	3,54%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	7,58%	6,12%	5,10%	5,81%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,68%	1,33%	1,06%	0,88%
05 Automoción	12,31%	6,65%	7,62%	3,82%
06 Construcción y Reparación Naval	1,68%	1,45%	1,11%	0,44%
07 Química-Farmacéutica	2,89%	1,87%	2,12%	1,24%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	15,15%	9,16%	16,17%	3,42%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	18,09%	22,03%	20,15%	34,14%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,96%	4,89%	3,03%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	1,10%	2,22%	1,51%	3,23%
12 Comercio y Distribución no Específicos	8,24%	7,53%	5,00%	7,73%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	7,67%	6,75%	6,57%	4,56%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	1,06%	2,16%	1,88%	1,47%
15 Medioambiente	0,15%	0,24%	0,24%	0,20%
16 Energía	2,33%	0,97%	3,87%	2,40%
17 Logística y Transporte	3,71%	5,63%	6,41%	4,20%
18 Servicios Financieros	1,58%	1,57%	3,88%	3,84%
19 Educación y Salud	1,43%	4,30%	3,18%	3,57%
20 Otras Actividades en General	1,40%	6,64%	3,30%	5,47%
AAPP	0,02%	0,08%	0,05%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Táboa 4
Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Pontevedra segundo cadea, 2010

Cadea	Facturación	Empleos	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	14,17%	6,41%	8,18%	4,07%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	1,27%	2,86%	1,69%	3,26%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	5,45%	5,73%	4,17%	5,09%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,92%	1,42%	1,19%	1,06%
05 Automoción	26,54%	11,83%	17,57%	3,84%
06 Construcción y Reparación Naval	4,28%	2,42%	2,60%	0,76%
07 Química-Farmacéutica	2,92%	2,52%	3,35%	1,26%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	1,81%	3,26%	1,99%	3,32%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	16,68%	21,64%	21,06%	34,05%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,92%	4,44%	3,10%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	0,96%	1,89%	1,46%	3,03%
12 Comercio y Distribución no Específicos	7,16%	6,81%	5,05%	8,13%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	6,38%	7,43%	7,58%	5,00%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	0,52%	1,58%	0,81%	1,39%
15 Medioambiente	0,13%	0,21%	0,19%	0,19%
16 Energía	1,24%	0,72%	1,15%	1,68%
17 Logística y Transporte	3,47%	5,49%	5,69%	4,11%
18 Servicios Financieros	1,29%	1,59%	5,20%	3,74%
19 Educación y Salud	1,67%	5,40%	4,44%	3,37%
20 Otras Actividades en General	1,20%	6,29%	3,49%	5,48%
AAPP	0,02%	0,07%	0,04%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

II. Temática orientativa das entrevistas realizadas:

- *Entrevista ós axentes da Administración Pública Local*

1. Potencialidades ou puntos fortes que presenta esta área para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras ou actividades innovadoras.
2. Sectores ou nichos de mercado nos que vostede cree que existen posibilidades reais de éxito para a innovación ou o emprendemento.
3. Oportunidades de negocio concretas ou necesidades non cubertas polo tecido empresarial local.
4. Barreiras ou dificultades para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
5. Facilitadores ou factores positivos para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
6. Existen apoios suficientes e infraestruturas para poñer en marcha iniciativas emprendedoras?.
7. Iniciativas postas en marcha recentemente ou previstas para o estímulo e potenciación a curto prazo do emprendemento, a innovación e o emprego.
8. Recursos cos que conta a Administración Local para o apoio ó emprendemento.
9. Ideas sobre cómo pode a Administración Pública Local incentivar o xurdimento de iniciativas deste tipo.
10. O papel da Deputación de Pontevedra en materia de potenciación e impulso ó emprendemento e á innovación empresarial.

- *Entrevista ós axentes empresariais e emprendedores*

1. Características da actividade empresarial que desempeñan.
2. A propia experiencia emprendedora: motivos que o levaron a emprender, pasos ou fases seguidas ata a consolidación, dificultades e beneficios de emprender.
3. Axudas, apoio ou asesoramento recibido por vostede á hora de poñer en marcha o seu propio negocio.
4. Potencialidades ou puntos fortes que presenta esta área xeográfica (concello/comarca) para a posta en marcha de iniciativas deste tipo.
5. Sectores ou nichos de mercado nos que vostede cree que existen posibilidades reais de éxito para o emprendemento na área xeográfica.
6. Oportunidades de negocio concretas ou necesidades non cubertas polo tecido empresarial local.
7. Barreiras ou dificultades para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
8. Facilitadores ou factores positivos para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
9. Existen apoios suficientes e infraestructuras na área para poñer en marcha iniciativas emprendedoras?.
10. Cómo pode a Administración Pública Local e Provincial contribuir a apoiar e incrementar as iniciativas emprendedoras de éxito?

ENTREVISTADORES:

Grupo de Investigación G4plus (Universidade de Vigo)

- **Pedro Figueroa Dorrego:** Director do Grupo de Investigación G4plus. Profesor do Departamento de Organización de Empresas e Márketing.
- **Ana Otero Lima:** Coordinación Técnica. Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional.